



AXUDAS PARA REFORMA DE BAÑO

O Concello de Camariñas abre o prazo para a presentación de solicitudes de **REFORMA DE BAÑO (cambiar bañeira por prato de ducha)** para os veciños maiores de 65 anos, que teñan recoñecida unha dependencia en calquera dos seus grados ou persoas cunha discapacidade superior ao 33 %.

Para formalizar a solicitude deberán presentar, no departamento de Servizos Sociais, a seguinte documentación:

- DNI.
- Volante de empadramento colectivo
- Xustificante de pertencer a algún dos colectivos sinalados.
- Xustificante de ingresos de todos os convivintes con parentesco ou non

Concederanse un total de **9 axudas por un valor de 900 €** cada una.

O criterio a seguir para a concesión será a situación económica da unidade de convivencia, é dicir as nove persoas que teñan a renda per cápita mais baixa.

Para a xustificación de ingresos será necesario presentar a declaración da renda ou datos fiscais correspondentes ao exercicio 2015 e xustificante das pensión de España ou do estranxeiro relativas a ese mesmo exercicio.

O prazo remata o vindeiro día 13 de decembro de 2016

Para máis información poden dirixirse ao departamento de Servizos Sociais, situado na casa de pedra.

Lembrámoslles que deben pedir a cita previa persoalmente ou chamando ó teléfono **981 73 70 04**.

Camariñas, 18 de novembro de 2016

A concelleira de servizos sociais,


Sandra Insua Rial